

Unha persoa con TDAH ten unhas características, propias ao seu diagnóstico, que interfieren no seu día a día: Dificultades para concentrarse, para xestionar o tempo e planificar, para rematar tarefas, para controlar os seus impulsos... Estes aspectos pódense mellorar e chéganse a xestionar ben cunha boa intervención multidisciplinar e temperá.

Levamos anos de palabras, de promesas, de boas intencións, pero o resultado son todo tipo de **TRABAS** e seguimos **NO MESMO LUGAR, NO MESMO PUNTO DE PARTIDA.**

ANO TRAS ANO, NÉGASE a incorporación aos nosos/ as fillos/ as, con TDAH, nas Axudas ao estudo e subsidios para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo que xestiona o Ministerio de Educación. Onde outros colectivos SI teñen acceso. **¿Por que uns si e outros non? Isto chámase DISCRIMINACIÓN. TERIAMOS QUE ESTAR TODOS.**

AGORA, atopámonos unha nova **Estratexia de Saúde Mental para o 2021/26** que inclúe o TDAH dentro dos trastornos de conduta cando realmente é un **trastorno do neurodesarrollo.** ¿Qué podemos esperar das autoridades responsables do departamento de saúde mental se mostran este **VERGOÑOSO DESCOÑECEMENTO** sobre o TDAH?

TODOS OS DÍAS pais e nais enfrontados con profesionais da educación que se cren co **DEREITO** de negar e cuestionar un diagnóstico médico ¿faríano cun diagnóstico de diabetes?

TODOS OS DÍAS, os nosos adolescentes con 18 anos ven como se lles retira o seu tratamento e chégaselles a dar o **ALTA...** porque o TDAH é unha cousa de nenos/ as. ¿Qué pasa?... ¿Hoxe con 17 podo tomar unha medicación e mañá con 18 non?

TODOS OS DÍAS PERSOAS ADULTAS que son cuestionadas e incomprendidas pola súa contorna familiar, laboral e mesmo por profesionais da saúde que quitan importancia ao seu sufrimento e dificultade para xestionar a súa vida. Polo momento ocultan o seu diagnóstico para evitar sufrir. Imaxina que es asmático... ¿ocultaríalo? Non,... verdade?, porque a túa vida pode correr perigo. A saúde mental tamén causa dor e ten consecuencias durante toda a vida.

TODOS OS DÍAS É UNHA LOITA

PERO SE ALGO TEMOS AS PERSOAS CON TDAH É:

**ESPÍRITO DE LOITA, IMAXINACIÓN,
SOMOS GRANDES XERADORES DE IDEAS,
INESGOTABLES.**

E CON TODO ISO, E POR CADA UNHA DAS PERSOAS CON TDAH, SEGUIREMOS LOITANDO E VENCENDO TRABAS...NON NOS VAN A PARAR !!.



¡VENCENDO TRABAS!